

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Grego		3º ESO 2022-2023
	MATERIA PROFESOR/A	Cultura Clásica Baldomero Martínez Martínez	

CONTIDOS		
1ª AVALIACIÓN	1	<p>BLOQUE 1. Xeografía e historia</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</i> - <i>Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</i> - <i>Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</i> <p>BLOQUE 2. Mitoloxía grecorromana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.</i> - <i>Os deuses e a súas competencias e os seus atributos.</i>
	2	<p>BLOQUE 3. Arte</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Fundamentos e etapas da arte clásica.</i> <p>BLOQUE 4. Sociedade e vida cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.</i> - <i>Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude</i>
	3	<p>BLOQUE 5. Lingua e literatura grecorromana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.</i> - <i>Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.</i> - <i>Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</i> <p>BLOQUE 6. Perduración na actualidade</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</i>
2ª AVALIACIÓN	4	<p>BLOQUE 1. Xeografía e historia</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</i> - <i>Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</i> - <i>Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</i> <p>BLOQUE 2. Mitoloxía grecorromana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Mitos grecolatinos. Orixe e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</i> - <i>Os deuses e a súas competencias e os seus atributos.</i>

	5	<p>BLOQUE 3. Arte</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</i> - <i>Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</i> <p>BLOQUE 4. Sociedade e vida cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.</i> - <i>A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.</i>
	6	<p>BLOQUE 5. Lingua e literatura grecorromana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</i> - <i>Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</i> - <i>Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán</i> <p>BLOQUE 6. Perduración na actualidade</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</i> - <i>Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</i>
3ª AVALIACIÓN	7	<p>BLOQUE 1. Xeografía e historia</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</i> - <i>Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</i> - <i>Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</i> <p>BLOQUE 2. Mitoloxía grecorromana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.</i> - <i>Relixión romana: culto público e privado.</i>
	8	<p>BLOQUE 3. Arte</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Enxeñaría romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</i> - <i>Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.</i> <p>BLOQUE 4. Sociedade e vida cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.</i> - <i>Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</i>
	12	<p>BLOQUE 5. Lingua e literatura grecorromana.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</i> - <i>Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.</i> - <i>Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</i> - <i>Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</i> <p>BLOQUE 6. Perduración na actualidade</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</i>

LECTURAS

O alumnado poderá escoller en cada avaliación un dos seguintes títulos de lectura coa intención de reforzar o plan lector:

- SUTCLIFF, Rosemary. *Naves Negras Ante Troya* N/c (Clásicos Adaptados)
- ANGELIDOU, María. *Mitos griegos*. Colección Cucaña. Editorial Vicens Vives
- RIORDAN, James. *Los doce trabajos de Hércules*
- SUTCLIFF, Rosmary. *Las aventuras de Ulises. Auxiliar ESO: La Historia De La Odisea de Homero* (Clásicos Adaptados)
- Lively, Penelope. *En Busca De Una Patria. La Eneida* (Clásicos Adaptados)
- RIORDAN, Rick. *El ladrón del rayo* (Percy Jackson y los dioses del Olimpo 1).
El mar de los monstruos (Percy Jackson y los dioses del Olimpo 2)
La maldición del Titán (Percy Jackson y los dioses del Olimpo 3)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Haberá unha proba como mínimo escrita cun valor de entre 50 e 70% da nota. As outras actividades ou tarefas terán un valor de entre un 50 e 30%. Exercicios, traballos, exposicións, caderno e outras.

Criterios de recuperación:

Sendo unha avaliación continúa, a materia irase recuperando segundo imos avanzando nas seguintes avaliacións. Pódese facer unha proba nos últimos días lectivos de xuño, se for necesario.

AVALIACIÓN FINAL

Tras a realización das tres avaliacións e, dado que o peso dos contidos e a dificultade aumentan paulatinamente a longo de curso, a nota final calcularase ponderadamente da seguinte maneira:

1ª avaliación: 20 %

2ª avaliación: 30 %

3ª avaliación: 50 %

O cálculo da nota final farase coas cualificacións reais obtidas en cada avaliación sen ter en conta o redondeo aplicado. A partir desta media ponderada, para obter a nota final, redondearase cara ao seguinte número enteiro nos casos nos que se supere o medio punto.

Debido á variedade de probas e instrumentos de avaliación previstos, non haberá recuperación de probas específicas non superadas ao longo do curso.

PERIODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª EVALUACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL

Metodoloxía: individualizada. O material de reforzo e ampliación figurará na aula virtual.

Actividades e temporalización: os contidos das tres avaliacións repartiranse nas sesións nas que se realizarán cuestionarios dos contidos de cada trimestre. Na última semana todo o alumnado que non obtivese como mínimo un cinco na nota media das tres avaliacións, deberá presentarse a unha proba final. Excepcionalmente, non deberán realizala aqueles alumnos que teñan algunha avaliación suspensa, pero chegasen ao cinco na nota media calculada segundo o indicado.

CUALIFICACIÓN FINAL

1. Alumnos cunha media de cinco ou máis puntos: as valoracións dos cuestionarios poderán subir ata un máximo dun 10 %.

2. Alumnos cunha media inferior aos cinco puntos:

a) **Alumnos que teñan unha avaliación suspensa e a súa nota media non alcanzase o cinco** deberán realizar unha proba de recuperación de carácter parcial con contidos desa avaliación. A nota desta proba permitirá calcular novamente a súa nota media substituindo a anterior. Se a nota media supera o cinco, os cuestionarios realizados permitirán subir ata un 10 %.

b) **Alumnos que non superasen dous ou tres avaliacións** deberán realizar unha proba de carácter global que contará o 90 % da cualificación final. Os cuestionarios realizados poderán subir o restante 10 %.

Tipo de proba: A constará de preguntas sobre coñecemento dos temas tratados: mitoloxía, alfabeto, historia de Grecia e Roma, a vida cotiá, a herdanza, a arte e a xeografía. Non se realizarán probas de carácter oral.

En caso de ausencia á realización da proba, sen xustificación médica, o alumno perderá o dereito a realizala noutro momento.